

INFORME DEPARTAMENTO DE DEPORTES

ASUNTO: VALORACIÓN DAS PROPOSTAS ECONÓMICAS PRESENTADAS PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, DO SERVIZO DE CONSERXERÍA E LIMPEZA DE VARIAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CONCELLO DE SANTIAGO.

A petición da mesa de contratación realízase o presente informe de valoración respecto das propostas económicas e ofertas presentadas en base aos criterios de adxudicación avaliábeis mediante cifras e porcentaxes para a adxudicación da prestación do servizo de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais.

Inicialmente, son obxecto de valoración as seguintes empresas:

1. EXPERTUS MULTISERVICIOS, S.A.
2. COBRA SERVICIOS AUXILIARES, S.A.
3. SERVICIOS Y MATERIALES, S.A.
4. UTE FERROVIAL, S.A.- FERROSER, S.A.
5. LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO, S.A.

Non obstante, seguindo os criterios considerados pola mesa de contratación na súa xuntanza celebrada o pasado xoves 11 de abril e na que se revisaron individualmente as ofertas co fin de avaliar as cuestións que foron formuladas no informe previo elaborado por quen subscribe, **non se ten en conta a efectos de valoración a proposta da UTE FERROVIAL, S.A.- FERROSER, S.A, polos motivos xa expostos no citado informe. Tal e como se fixo constar, os CDs que presentan non recollen o documento específico da súa oferta económica, polo que se aplica o establecido no prego de condicións que textualmente di no seu apartado 13.3 o seguinte:**

*“**SOBRE Nº 2 Subtitulado: Proposición económica e oferta relativa aos criterios de adxudicación avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes para a licitación, mediante procedemento aberto, da contratación de Servizo de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais CON/1/2013.***

*A documentación que se presente neste sobre deberá ser aportada, obrigatoriamente, en dous formatos: en formato papel con páxinas numeradas correlativamente e en soporte informático (2 unidades idénticas en CD non regrabable identificadas exteriormente co nome do licitador e a denominación **SOBRE Nº 2, CON/1/2013**, quedando excluídas da licitación aquelas empresas que non aporten toda a documentación en ámbolos dous tipos de soporte. Tanto a documentación en soporte papel como a dos dous soportes informáticos terán exactamente o mesmo contido. Calquera variación ou discrepancia entre os distintos soportes invalidará automaticamente a oferta.”*

En virtude do exposto, procédese a valoración do resto de empresas tendo en conta os criterios de adxudicación avaliábeis mediante cifras ou porcentaxe que se recollen no punto 10 do prego de cláusulas administrativas, que son os seguintes:

1.- PROPOSICIÓN ECONÓMICA OFERTADA (ATA 20 PUNTOS): Outorgarase a máxima puntuación á oferta economicamente máis favorable para o Concello, valorándose as restantes de xeito inversamente proporcional, de acordo co sinalado no parágrafo seguinte.

As empresas clasificaranse inicialmente por orde de mellor a peor, seguindo o criterio de "precio máis baixo da oferta". Obtida a orde de prelación de tódalas ofertas segundo este criterio, outorgarase a máxima puntuación de 20 puntos á oferta máis baixa e aplicarase ao resto das ofertas a seguinte fórmula para calcular a súa puntuación:

$$P_n = (P_m \times O_b) / O_n$$

Onde:

P_n: puntuación da oferta

P_m: puntuación máxima posible (20 puntos)

O_b: importe da oferta máis baixa

O_n: Importe da oferta a puntuar

2.- MELLORAS GRATUÍTAS: ata un máximo de 16 puntos segundo o seguinte desglose.

Oferta de horas a maiores de prestación do servizo sobre as mínimas definidas no prego técnico, 10 puntos.

- Prestación do servizo de conserxería, ata un máximo de 400 horas/ano, de tal xeito que a puntuación segundo a oferta sería a seguinte:
 - 100 horas: 1,5 puntos
 - 200 horas: 3 puntos
 - 300 horas: 4,5 puntos
 - 400 horas: 6 puntos
- Prestación do servizo de limpeza, ata un máximo de 240 horas/ano, incluídas limpeza especiais (tales como, de fachadas como consecuencia de actos vandálicos, inundacións,...), de tal xeito que a puntuación segundo a oferta sería a seguinte:
 - 60 horas: 1 punto
 - 120 horas: 2 puntos
 - 180 horas: 3 puntos
 - 240 horas: 4 puntos

Os produtos de limpeza e demais elementos que sexan precisos serán por conta do adxudicatario.

Oferta de horas de vehículos con condutor para o traslado de materiais e equipamentos entre as instalacións deportivas ou para actuacións concretas do Concello de Santiago vinculadas con actos deportivos, 6 puntos.

- Prestación de 60 horas/ano dunha furgoneta con capacidade de carga útil non inferior a 10 m³ para o traslado de materias tipo colchonetas, podium, sillas, mesas, ..., debendo especificarse as súas dimensións, de tal xeito que a puntuación segundo a oferta sería a seguinte:
 - 15 horas: 1 punto
 - 30 horas: 2 puntos
 - 45 horas: 3 puntos
 - 60 horas: 4 puntos
- Prestación de 25 horas/ano de camión con caixa aberta e con grúa, con capacidade mínima de carga máxima autorizada (PMA) de 18 tn e de tamaño suficiente para o traslado de equipamentos deportivos tipo canastras de minibásquet, porterías de

fútbol sala e similares, debendo especificarse as súas dimensións, de tal xeito que a puntuación segundo a oferta sería a seguinte:

10 horas: 0,5 puntos

15 horas: 1 puntos

20 horas: 1,5 puntos

25 horas: 2 puntos

3.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DE CARÁCTER SOCIAL: ata 3 puntos.

- Valorarase con 1 punto, ás empresas que presenten medidas concretas de conciliación entre a vida persoal, laboral e familiar, que o licitador comprométese a aplicar para a plantilla que execute o contrato, e que melloren os mínimos establecidos na Lei 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Homes e Mulleres. O licitador presentará unha proposta técnica sinalando calendario e sistema de avaliación sobre medidas concretas.
- Valorarase con 1 punto ao licitador que acredite dispoñer na empresa de programas de protección a mulleres en situación de maltrato e de prevención de acoso laboral.
- Valorarase ata con 1 punto ao licitador que acredite ter na súa plantilla un número de traballadores con discapacidade en porcentaxe superior ao 2%, de acordo co seguinte desglose:

3%: 0'25 puntos.

4%: 0'50 puntos.

5%: 0'75 puntos.

6%: 1 punto.

Prócedese a valorar as ofertas segundo os criterios de adxudicación anteriormente citados.

1.- PROPOSICIÓN ECONÓMICA OFERTADA: ata 20 puntos.

EXPERTUS MULTISERVICIOS, S.A.

Oferta a cantidade de 401.429,74 €, máis IVE.

COBRA SERVICIOS AUXILIARES, S.A.

Oferta a cantidade de 447.266,33 €, máis IVE.

SERVICIOS Y MATERIALES, S.A.

Oferta a cantidade de 377.565,54 €, máis IVE.

LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO, S.A.

Oferta a cantidade de 379.767,41 €, máis IVE.

Vista as ofertas económicas, a proposta máis baixa é a presentada pola empresa Servicios y Materiales, S.A., polo que lle corresponde a máxima puntuación, valorándose o resto de forma inversamente proporcional segundo a seguinte fórmula:

Puntuación da oferta = (Puntuación máxima posible x Importe da oferta máis baixa) / Importe da oferta a puntuar

Tendo en conta o anteriormente exposto o **cadro final de puntuación** deste apartado ordenado de maior a menor puntuación é o seguinte:

NOME DA EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA	PUNTUACIÓN
SERVICIOS Y MATERIALES, S.A.	377.565,54 €	20,00 puntos
LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO, S.A.	379.767,41 €	19,88 puntos
EXPERTUS MULTISERVICIOS, S.A.	401.429,74 €	18,81 puntos
COBRA SERVICIOS AUXILIARES, S.A.	447.266,33 €	16,88 puntos

2.- MELLORAS GRATUÍTAS: ata un máximo de 16 puntos.

2.1.- Oferta de horas a maiores de prestación do servizo de conserxería e limpeza sobre as mínimas definidas no prego técnico, 10 puntos.

Recóllense de forma esquemática as ofertas no cadro que se achega, indicando a puntuación que lles corresponde a cada unha das propostas.

	OFERTA HORAS CONSERXERÍA		OFERTA HORAS DE LIMPEZA		PUNTUACIÓN FINAL
	oferta	puntuación	oferta	puntuación	
EXPERTUS MULTISERVICIOS, S.A.	400 h/ano	6 puntos	240 h/ano	4 puntos	10 puntos
COBRA SERVICIOS AUXILIARES, S.A.	0 h/ano	0 puntos	0 h/ano	0 puntos	0 puntos
SERVICIOS Y MATERIALES, S.A.	400 h/ano	6 puntos	240 h/ano	4 puntos	10 puntos
LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO, S.A.	400 h/ano	6 puntos	240 h/ano	4 puntos	10 puntos

2.2.- Oferta de horas de vehículos con condutor para o traslado de materias e equipamentos entre as instalacións deportivas ou para actuacións concretas do Concello de Santiago vinculadas con actos deportivos, 6 puntos.

Previamente faise constar o seguinte:

- O prego establece tanto para a furgoneta como para o camión que *“deberán especificarse as súas dimensións”*. Dado que non se concreta que dimensións son as mínimas a contemplar na oferta, valóranse a totalidade das propostas que aporten algunha das dimensións dos vehículos con independencia da cantidade de datos que faciliten ao respecto. Concretamente no suposto da furgoneta, no caso daquelas empresas que a maiores indican o modelo co que van prestar esta mellora, procurouse confirmar - en base aos datos da marca- que estes vehículos tiñan a capacidade de carga solicitada.
- A única empresa que ofrece como mellora a prestación de 60 horas/ano dunha furgoneta e non aporta ningún tipo de dato respecto das súas dimensións (nin do

modelo ou marca) é a empresa COBRA SERVICIOS AUXILIARES, S.A., polo que a súa puntuación será de 0. Ademais non considera a prestación gratuíta de horas de camiión.

Reprodúcense de forma esquématica as ofertas no cadro que se achega, indicando a puntuación correspondente a cada unha das propostas.

	OFERTA HORAS FURGONETA		OFERTA HORAS DE CAMIÓN		PUNTUACIÓN FINAL
	oferta	puntuación	oferta	puntuación	
EXPERTUS MULTISERVICIOS, S.A.	60 h/ano	4 puntos	25 h/ano	2 puntos	6 puntos
COBRA SERVICIOS AUXILIARES, S.A.	60 h/ano	0 puntos	0 h/ano	0 puntos	0 puntos
SERVICIOS Y MATERIALES, S.A.	60 h/ano	4 puntos	25 h/ano	2 puntos	6 puntos
LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO, S.A	60 h/ano	4 puntos	25 h/ano	2 puntos	6 puntos

Analizas as propostas, o **cadro final de puntuación deste apartado de MELLORAS GRATUITAS**, ordenadas as ofertas de maior a menor, é o seguinte:

NOME DA EMPRESA	PERSOAL + VEHÍCULOS	PUNTUACIÓN
EXPERTUS MULTISERVICIOS, S.A.	10 + 6 puntos	16 puntos
SERVICIOS Y MATERIALES, S.A.	10 + 6 puntos	16 puntos
LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO, S.A.	10 + 6 puntos	16 puntos
COBRA SERVICIOS AUXILIARES, S.A.	0 + 0 puntos	0 puntos

3.- CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN DE CARÁCTER SOCIAL. ata 3 puntos

3.1.- Valorarase con 1 punto, ás empresas que presenten medidas concretas de conciliación entre a vida persoal, laboral e familiar, que o licitador comprométese a aplicar para a plantilla que execute o contrato, e que melloren os mínimos establecidos na Lei 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Homes e Mulleres. O licitador presentará unha proposta técnica sinalando calendario e sistema de avaliación sobre medidas concretas.

Previamente á valoración deste criterio e respecto da parte na que di "Valorarase con 1 punto ás empresas que presenten medidas concretas....que melloren os mínimos establecidos na Lei 3/2007...", faise constar que a Lei 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de Homes e Mulleres, tal e como manifesta na súa exposición de motivos, recolle unha serie de medidas sociais e laborais concretas que quedan reguladas nas distintas disposicións adicionais da lei que, á súa vez, afectan a diferentes normas, algunhas de ámbito laboral - Lei do Estatuto dos Traballadores, Lei Xeral da Seguridade Social, entre outras- que requiren

dun coñecemento exhaustivo das mesmas, circunstancia que o técnico que subscribe non posúe.

En consecuencia, na valoración deste criterio terase unicamente en conta a Lei 3/2007 para a Igualdade efectiva de Homes e Mulleres tal e como se recolle no seu enunciado, non entrando a considerar o resto de normativas que puideran estar implicadas.

Dado que a definición do criterio é xenérico no que respecta aos seus requerimentos, pero absoluto na puntuación (non existe a posibilidade de ponderala segundo o número ou calidade das medidas propostas ou sobre os seus sistemas de avaliación), se considerará con 1 punto a todas as empresas que cumpran co mínimo solicitado e propoñan algunha medida concreta de conciliación e, con 0 puntos, aquelas que non presenten ou, non se poida confirmar, que melloren os mínimos da citada Lei.

Prócedese a continuación, á valoración das empresas licitadoras recollendo a información máis destacada respecto deste criterio.

Empresa: EXPERTUS MULTISERVICIOS, S.A.

Indica que puxo en marcha a elaboración dun **Plan de Igualdade de Oportunidades** entre homes e mulleres para promover a conciliación da vida laboral coa persoal e familiar.

Figuran dentro deste apartado compromisos da empresa que se entenden teñen que ver con cuestións vinculadas co acoso laboral, polo que os protocolos de acoso laboral e demais información e documentación respecto desta cuestión, consideraranse no punto 2 dos criterios de adxudicación social.

Posteriormente, na súa documentación, figura unha táboa na que se recollen **medidas concretas** de conciliación da vida laboral, persoal e familiar a aplicar á plantilla adscrita ao servizo, que son:

1ª medida: Flexibilidade horaria dos traballadores. Nun cadro esquemático recolle o obxectivo a conseguir, as actuacións a seguir e os indicadores de control.

Menciónanse ata un total de 5 actuacións para a racionalización dos horarios da empresa, que son: adaptación dos horarios ás necesidades do persoal, aceptación de solicitudes de redución de xornada, reincorporacións paulativas por maternidade, aceptación de solicitudes para traballar a xornada parcial e, posibilidade de dispoñer dun día libre á semana ou medio día acumulando horas de traballo. Estas actuacións se comunicarán ao persoal xustamente co protocolo de actuación cando se queiran solicitar.

Sendo pouco concretas na súa formulación, o feito de enumerar unha serie de actuacións para fomentar a flexibilidade horaria dos traballadores e normativizar a súa solicitude en virtude dun protocolo específico, pódese considerar que cualitativamente mellora o formulado na lei dado que esta é máis xenérica respecto desta cuestión. (considerando art. 46.2. e Disposición adicional décimo primeira, tres)

2ª medida: Proporcionar apoio en cuestións de carácter persoal. Novamente define obxectivos a conseguir, actuacións a seguir (axuda para presentar a declaración da renda, asesoramento en negociación con bancos, obtención de prezos máis asequibles mediante negociacións con provedores,...) e indicadores de control.

As actuacións que enumera dentro desta medida probablemente deban entenderse como beneficios sociais da empresa cara os traballadores que suponse poden facilitar a conciliación.

Se ben non aparece un calendario específico de aplicación das propostas, considérase que a súa aplicación será "de feito" no momento de resultar adxudicataria dado que se deduce, en base a información que achega, que as medidas se implantarán segundo solicitude. De feito os indicadores de control fan referencia a "frecuencia mensual".

Finalmente figura un **calendario de avaliación sinxelo** das medidas de conciliación que cronoloxicamente as periodizan en mensuais e anuais.

→ **PUNTUACIÓN PUNTO 3.1:** a criterio do que subscribe considérase que presenta a información mínima requirida no prego polo que a puntuación é de 1 punto.

Empresa: COBRA SERVICIOS AUXILIARES, S.A.

Non presenta información respecto deste apartado.

→ **PUNTUACIÓN PUNTO 3.1:** a puntuación é de 0 puntos.

Empresa: SERVICIOS Y MATERIALES, S.A.

Comprométese a elaborar e implementar, na medida das súas posibilidades, un programa de conciliación da vida persoal e laboral específico para o presente servizo. O programa que presenta, indica que debe considerarse unha "proposta base", quedando condicionado aos acordos que se acaden cos representantes legais dos traballadores, así como, coa necesaria autorización do propio Concello. A posteriori, enumera os obxectivos principais da súa proposta.

Como documentación complementaria figura unha **declaración responsable** de compromiso de elaboración e implantación dun Programa de Conciliación da vida persoal e laboral, aplicable á plantilla que execute o servizo obxecto desta licitación, acorde coas circunstancias individuais de cada traballador e das características do servizo a prestar e, dentro do contexto da legalidade vixente.

Aporta un extenso cadro coas **medidas concretas** a implantar. Contén un total de 13 propostas que á súa vez se periodizan en:

- Prazo de establecemento do procedemento;
- Prazo de implantación;
- Prazo de comprobación das medidas. Este último pódese entender coma o período que considera necesario para poder avaliar as súas propostas, que varía segundo cada medida, se ben non se detalla o sistema de avaliación. Non obstante, considérase que o feito de ter definido un prazo de comprobación das medidas e un epígrafe dentro do cadro para observacións, implícitamente estase a recoñecer que serán avaliadas.

Enuméranse a continuación algunha das medidas propostas que se consideran melloran os mínimos da Lei: Flexibilización dos horarios de entrada e saída, cun límite de 30 minutos, nos centros que o servizo o permita; Para poder atender aos fillos menores de 10 anos e/ou

persoas dependentes poderase ampliar, previo acordo coa empresa, a redución de xornada e/ou ter horarios máis flexibles, incluso, se fora posible, con modificación de horario fixo; Nos casos de adopción terase dereito a un permiso non retribuído - vía acordo de suspensión de contrato- de ata dous meses nos supostos de adopción internacional, cando sexa necesario o desprazamento previo dos pais ao pais de orixen do adoptado.

→ PUNTUACIÓN PUNTO 3.1: a criterio do que subscribe considérase que presenta a información mínima requirida no prego, polo que a puntuación é de 1 punto.

Empresa: LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO, S.A.

Manifesta que desde o ano 2006 o Grupo Lacera conta cun Plan Concilia que reúne unha serie de medidas que facilitan a conciliación da vida laboral coa familiar e persoal da plantilla.

Expón as principais medidas que contén o Plan Concilia, recolléndose algunhas das que se consideran que melloran os mínimos da Lei: Flexibilidade horaria de entrada e saída nunha hora, condicionada ao colectivo ao que vai dirixida; Unha bolsa de 9 horas/ano para acudir ao médico cos fillos de 0 a 16 anos ou acudir a tutorías do colexio; O persoal reside en diferente localidades polo que poderá disfrutar da festa local da localidade onde resida, procurando que os traballadores estean coas súas familias.

Enumera un total de 6 epígrafes, algún deles con subapartados.

Figura un título adicado á igualdade de oportunidades desde a perspectiva do xénero. Manifesta que desde o 2007 conta cun Plan de Igualdade que ten por obxecto principal evitar calquera tipo de discriminación entre mulleres e homes na empresa, respondendo aos requirimentos da Lei orgánica 3/2007 para a Igualdade efectiva de Mulleres e Homes. Enumera unha serie de accións postas en marcha co fin de fomentar a igualdade dentro da súa organización.

Se ben non aparece un calendario específico de aplicación das propostas, considérase que a súa aplicación será "de feito" no momento de resultar adxudicataria dado que se deduce, en base a información que achega, que o Plan Concilia é unha ferramenta instaurada como política de empresa para todos os traballadores.

Ao final da súa exposición figura un epígrafe no que se describen e periodizan os seus sistemas de avaliación sobre as medidas establecidas para facilitar a conciliación da vida persoal e profesional, así como, as que fomentan a igualdade de oportunidades.

→ PUNTUACIÓN PUNTO 3.1: a criterio do que subscribe considérase que presenta a información mínima requirida no prego, polo que a puntuación é de 1 punto.

3.2.- Valorarase con 1 punto ao licitador que acredite dispoñer na empresa de programas de protección a mulleres en situación de maltrato e de prevención de acoso laboral.

Previamente á súa valoración, faise constar que inicialmente considerárase "acreditado" este apartado naquelas ofertas que manifesten dispor de programas de protección a mulleres en situación de maltrato e de prevención de acoso laboral e os desenvolvan.

Por outra banda, respecto do criterio de puntuación a aplicar mantense o xa enunciado ao principio do anterior criterio.

Empresa: EXPERTUS MULTISERVICIOS, S.A.

Relaciona os dereitos que actualmente existen e se recoñecen ás **MULLERES VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO TRABALLADORAS**, detallando na súa exposición o artigo que corresponde dentro da normativa de aplicación, concretamente no Estatuto dos Traballadores.

En base á información que presenta dentro deste apartado, **non se pode considerar** que a empresa dispoña de programas de protección a mulleres en situación de maltrato, máis ben o que dá a entender é que coñece e que terá en conta a lexislación de aplicación respecto desta materia.

A información sobre a **PREVENCIÓN DO ACOSO LABORAL**, tal e como se indicou, **figura dentro da exposición do apartado anterior**. A empresa declara que o acoso sexual e o acoso por razón de sexo non serán permitidos, nin tolerados e se sancionarán con contundencia. Enuncia unha serie de **compromisos da empresa** ao respecto tales como, difundir un protocolo e contribuir a crear maior consciencia sobre esta cuestión...; garantir que todas as queixas e denuncias se tratarán rigorosamente e tramitaranse de forma xusta, rápida e confidencial,... A maiores din achegar o seu **Plan contra o Acoso na empresa**, rexistrado e presentado ante a autoridade competente - achegan como acreditación un documento escaneado en lingua catalán co anagrama da Generalitat de Catalunya-Dirección Xeral de Relacións Laborais- . O mencionado documento non é moi lexible, e parece que fai referencia ao Plan de Igualdade.

→ **PUNTUACIÓN PUNTO 3.2:** *En base ao exposto no inicio da valoración deste apartado e tendo en conta a documentación que presenta, a criterio do que subscribe a puntuación deste apartado é de 0 puntos.*

Empresa: COBRA SERVICIOS AUXILIARES, S.A.

Non presenta información respecto deste apartado.

→ **PUNTUACIÓN PUNTO 3.2:** *a puntuación é de 0 puntos.*

Empresa: SERVICIOS Y MATERIALES, S.A.

Presenta unha **declaración responsable** na que manifesta que actualmente a empresa ten implantados programas tanto de prevención do acoso laboral, como de protección a mulleres en situación de maltrato, cuxo contido o documenta en base aos protocolos que achega sobre cada un dos programas.

Por un lado, desenvolve o **PROGRAMA DE ACTUACIÓN CONTRA A VIOLENCIA SOBRE AS MULLERES**, dividíndoo en varios epígrafes, enunciando como obxectivo xeral o de conseguir un rexeitamento cara calquera tipo de expresión da violencia exercida sobre as mulleres, así

como, a erradicación da mesma na empresa. Define actuacións a seguir segundo cada obxectivo concreto e establece de forma básica o proceso de avaliación.

Por outro lado, desenvolve o **PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN E PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN NOS CASOS DE DENUNCIA POR ACOSO LABORAL**, enunciando como obxecto do mesmo establecer na empresa un procedemento de actuación para o caso de que algún traballador ou traballadora que detecte ou considere que é obxecto de acoso laboral, poida facer uso do mesmo para que se leven a cabo as actuacións necesarias e se adopten as medidas pertinentes, segundo os casos. Define o ámbito de actuación, o plan de acción, o procedemento ante denuncias da acoso laboral e o seu proceso de seguimento.

A maiores, figura escaneado un anexo á final da proposta, asinado polo representante da empresa e pola delegada de persoal por UGT dos traballadores da empresa, de data 14 de marzo de 2012, onde recoñecen as partes que Servicios y Materiales, S.A., conta cun programa de actuación contra a violencia sobre as mulleres en calquera dos ámbitos laborais que leve a cabo como empresa prestadora de servizos e, cun protocolo para a prevención e procedemento de actuación nos casos de denuncia por acoso laboral.

→ ***PUNTUACIÓN PUNTO 3.2:*** *En base ao exposto no inicio da valoración deste apartado e tendo en conta a documentación que presenta, a criterio do que subscribe a puntuación deste apartado é de 1 punto.*

Empresa: LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO, S.A.

No inicio do desenvolvemento deste apartado manifesta que unha das liñas de actuación da empresa é a de **contratar e integrar a colectivos en risco de exclusión social**, entre os que considera aos maiores de 45 anos, as mulleres en risco de exclusión social (víctimas de maltrato, familia monoparental, ...), persoas de etnia xitana, etc... Ao respecto manifesta que colabora con asociacións e fundacións que facilitan a contratación destes colectivos citando como exemplo á "Fundación Mujeres", á "Fundación Secretariado Gitano", entre outras.

No epígrafe concreto de **POLÍTICAS DE PROTECCIÓN A MULLERES VÍCTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO**, volve a incidir na colaboración coas fundacións citadas, manifestando que a súa principal aportación é a impartición de cursos que faciliten a posterior integración laboral destas mulleres. Finalizados os cursos, as alumnas pasan a formar parte da bolsa de traballo do Grupo Lacera, indicando que un alto porcentaxe das mesmas son contratadas con posterioridade.

Manifesta que forma parte dun acordo de colaboración subscrito entre empresas asturianas, o Instituto Asturiano da muller e o Servizo Público de emprego do Principado de Asturias, sendo o obxectivo do acordo que as institucións citadas colaboren coa empresa no desenvolvemento de accións de sensibilización contra a violencia de xénero e, a difusión de material informativo sobre os dereitos das mulleres vítimas do maltrato.

Dispón dun **PROTOCOLO CONTRA O ACOSO LABORAL**, recollido no seu sistema de xestión, o cal segundo indica, trata de garantir a protección dos dereitos fundamentais da persoa, adquirindo o compromiso de cumprir coa normativa vixente nesta materia e intentado ir máis aló do que nela se establece, entendendo a necesidade de previr condutas constitutivas de acoso no traballo. Enumera os principios da empresa respecto desta cuestión e describe de forma esquemática as ferramentas e equipos de traballo cos que di contar para realizar o seguimento e a avaliación do protocolo.

→ PUNTUACIÓN PUNTO 3.2: En base ao exposto no inicio da valoración deste apartado e tendo en conta a documentación que presenta, a criterio do que subscribe a puntuación deste apartado é de 1 punto.

3.3.- Valorase ata con 1 punto ao licitador que acredite ter na súa plantilla un número de traballadores con discapacidade en porcentaxe superior ao 2%, de acordo co seguinte desglose:

3%: 0'25 puntos.

4%: 0'50 puntos.

5%: 0'75 puntos.

6%: 1 punto.

Tendo en conta o considerado no seu momento pola mesa de contratación, a efectos de acreditar a documentación solicitada, estase a aceptar como válido unha DECLARACIÓN da empresa na que concrete a porcentaxe de traballadores con discapacidade respecto da súa plantilla. A totalidade das licitadoras presentan como documento acreditativo desta cuestión a mencionada declaración, sendo a empresa EXPERTUS MULTISERVICIOS á única que complementariamente achega outra información.

Empresa: EXPERTUS MULTISERVICIOS, S.A.

Presenta como documentación o seguinte:


1. Declaración de dispoñer na súa plantilla un número de traballadores con discapacidade en porcentaxe superior ao 2%.
2. Certificados escaneados de discapacidade das 23 persoas que di ter contratadas, algúns deles pouco lexibles.

É a única empresa que establece unha plantilla media para calcular a porcentaxe de traballadores con discapacidade. Figuran dous cadros resumo. Nun establece o listado promedio da plantilla, sendo o período considerado de 2/2012 a 2/2013. Data do listado 8/3/2013. Informa que os traballadores en alta ao inicio ascendían a 230 e os traballadores en alta ao final eran 551.

En base a esta información conclúe que a plantilla media total é de 353,83, dato que o técnico que subscribe non sabe como foi calculado. O número de persoas con discapacidade contratadas cunha discapacidade maior ou igual ao 33% é de 23 traballadores.

Tendo en conta estes datos di que a porcentaxe de traballadores con discapacidade respecto da plantilla media total é do 6,50 %.

Non parece o máis oportuno que a porcentaxe se estableza segundo unha plantilla media respecto dun período considerado de 12 meses, de febreiro de 2012 a febreiro de 2013. Por outra banda, non se coñece como se calculou dita media, dado que non foi de forma aritmética. Comparativamente, as declaracións das outras licitadoras non fan referencia a "plantillas medias", considerándose que os datos que achegan son de datas próximas á emisión do documento (ou polo menos iso sería o lóxico).



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Non obstante, dado que o criterio na súa redacción non define nada concreto respecto do exposto, inicialmente e, salvo opinión contraria dos membros da mesa de contratación, valórase a oferta en base aos datos aportados pola empresa.

- PUNTUACIÓN PUNTO 3.3: *Si se considera que dita oferta queda acreditada coa documentación que se presenta, a puntuación é de 1 punto dado que supera a porcentaxe do 6%.*

Empresa: COBRA SERVICIOS AUXILIARES, S.A.

Presenta como documentación o seguinte:

1. Declaración responsable na que manifesta que a empresa adoptará medidas alternativas de cara a acadar como mínimo o 2% de traballadores minusválidos dentro da súa plantilla.
- PUNTUACIÓN PUNTO 3.3: *En base á información que presenta a puntuación é de 0 puntos.*

Empresa: SERVICIOS Y MATERIALES, S.A.

Presenta como documentación o seguinte:

1. Declaración responsable na que manifesta que actualmente mantén en plantilla traballadores fixos cunha minusvalía igual ou superior ao 33%, nunha porcentaxe igual ao 2% do total da plantilla, cumprindo os requirimentos establecidos no artigo 38 da Lei 13/82, modificado pola Disposición Adicional 2ª do Real Decreto 27/2000.
- PUNTUACIÓN PUNTO 3.3: *En base á información que presenta a puntuación é de 0 puntos.*

Empresa: LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO, S.A.

Presenta como documentación o seguinte:

1. Declaración de que a empresa ten un número total de 2.752 empregados, dos cales o 4,80% son minusválidos.
- PUNTUACIÓN PUNTO 3.3: *Si se considera que dita oferta queda acreditada coa documentación que se presenta, a puntuación é de 0,50 puntos dado que supera a porcentaxe do 4%.*

En conclusión, unha vez analizadas as ofertas, o **cadro final de puntuación dos criterios de adxudicación de carácter social**, ordenadas as ofertas de maior a menor, é o seguinte:

	PUNTO 3.1	PUNTO 3.2	PUNTO 3.3	PUNTUACIÓN FINAL
LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO, S.A.	1 punto	1 punto	0,5 puntos	2,5 puntos
EXPERTUS MULTISERVICIOS, S.A.	1 punto	0 puntos	1 punto	2 puntos
SERVICIOS Y MATERIALES, S.A.	1 punto	1 punto	0 puntos	2 puntos
COBRA SERVICIOS AUXILIARES, S.A.	0 puntos	0 puntos	0 puntos	0 puntos

RESUMO FINAL DA PUNTUACIÓN

Unha vez valoradas as propostas presentadas polas empresas citadas ao longo deste informe para a prestación do servizo de conserxería e limpeza a realizar en varias instalacións deportivas municipais e, salvo erro involuntario na súa avaliación, **a puntuación final deste proceso ordenadas as empresas de maior a menor**, quedaría da seguinte forma:

	OFERTA ECONÓMICA	MELLORAS GRATUÍTAS	CRITERIOS SOCIAIS	PUNTUACIÓN FINAL
LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO, S.A.	19,88 puntos	16 puntos	2,5 puntos	38,38 puntos
SERVICIOS Y MATERIALES, S.A.	20,00 puntos	16 puntos	2 puntos	38,00 puntos
EXPERTUS MULTISERVICIOS, S.A.	18,81 puntos	16 puntos	2 puntos	36,81 puntos
COBRA SERVICIOS AUXILIARES, S.A.	16,88 puntos	0 puntos	0 puntos	16,88 puntos

A oferta que acada a maior puntuación é a presentada pola empresa LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO, S.A.

É canto teño que informar, salvo opinión mellor fundada.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2013



Asdo.: **Juan C. Garabato Rodríguez**
TÉCNICO EN PROGRAMACIÓN E XESTIÓN DEPORTIVA



DEPARTAMENTO DE DEPORTES
CONCELLO DE SANTIAGO

INFORME DEPARTAMENTO DE DEPORTES

ASUNTO: INFORME PREVIO Á VALORACIÓN DAS PROPOSTAS ECONÓMICAS PRESENTADAS PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE CONSERXERÍA E LIMPEZA DE VARIAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CONCELLO DE SANTIAGO.

A petición da mesa de contratación, o técnico que subscribe, ten encomendado o informe de valoración respecto das propostas económicas e ofertas presentadas en base aos criterios avaliados mediante cifras e porcentaxes para a adxudicación da prestación do servizo de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais.

Serán obxecto de valoración as seguintes empresas:

1. EXPERTUS MULTISERVICIOS, S.A.
2. COBRA SERVICIOS AUXILIARES, S.A.
3. SERVICIOS Y MATERIALES, S.A.
4. UTE FERROVIAL, S.A.- FERROSER, S.A.
5. LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO, S.A.

Complementariamente aos criterios de adxudicación avaliados mediante cifras ou porcentaxes que se recollen no punto 10 do prego de cláusulas administrativas, o prego establece no seu apartado 13.3.2. que se incluíra, ademais de toda a documentación referida aos criterios de adxudicación, unha proxección económica e orzamentaria que demostre a viabilidade económica do proxecto presentado e que, especificamente, garanta o cumprimento dos convenios colectivos de aplicación ao persoal contratado, así como, un programa de prestación do servizo, que detallará os protocolos de actuación previstos, enumerando maquinaria, útiles e ferramentas (incluso informáticas) que o adxudicatario adicará especificamente á execución dos traballos, sinalando características e adicación dos mesmos.

Tendo en conta o que establece o citado apartado (13.3.2) e, previamente á valoración das ofertas segundo os criterios de adxudicación, procedeuse a revisar a documentación presentada ao respecto polas empresas licitadoras coa única intención de verificar, en termos xerais, que se achegaba a información solicitada sen outros pormenores. Revisadas as ofertas, hai que salientar que se aprecian unha serie de carencias e/ou deficiencias en algunha das empresas, que posteriormente se detallan. Esta circunstancia require que por parte da mesa de contratación se valore o que a continuación se expón como paso previo e necesario á redacción do informe final de valoración.

Coa intención de facilitar a toma de decisións por parte dos membros da mesa de contratación, achéganse sendos cadros comparativos coa información extractada e presentada polas licitadoras, tanto da proxección económica como do programa de prestación do servizo.

EMPRESA EXPERTUS MULTISERVICIOS, S.A.

- *Proxección económica e orzamentaria*

O cadro resumo que presenta respecto da súa proxección económica e orzamentaria aparentemente ten un erro dado que, sumadas as contías dos diferentes conceptos de gasto

que nel se preveen, o total dos mesmos ascende á cantidade de 418.754,54 €, máis IVE, que non coincide cos 401.429,74 € que oferta na súa proposta. Evidentemente, o erro é unha cuestión aritmética, pero que en todo caso está a condicionar a xustificación da viabilidade da súa oferta económica, dado que non se pode saber cales conceptos de gasto e contías son as equivocadas e deben reducirse ou non considerarse dentro da súa proxección económica. Dita proxección achégase co presente informe como anexo 1, para o seu estudo por parte da mesa de contratación.

A garantía de cumprimento dos convenios colectivos enténdese que se xustifica en base aos datos que aporta, ademáis de que manifestamente así o recolle por escrito dentro da oferta.

- *Programa de prestación do servizo.*

O programa que presenta é completo, achegando á información solicitada no prego respecto dos protocolos de actuación previstos, enumerando maquinaria, útiles e ferramentas (incluso informáticas) que o adxudicatario adicará especificamente á execución dos traballos, sinalando as súas características.

EMPRESA COBRA SERVICIOS AUXILIARES, S.A

- *Proxección económica e orzamentaria*

A proxección económica que aporta non permite coñecer se ten previsto garantir o cumprimento dos convenios colectivos dado que non existe ningún dato, numérico ou de texto dentro da súa oferta, que permita deducir ou concluir que estes vanse respectar, en termos xerais. Por outra banda, non se cuantifica por separado o custo do persoal de conserxería e o de limpeza, recollendo unicamente o epígrafe xeral "custo mán de obra". Achégase a súa proxección económica como anexo 2 a este informe, coa intención de que se valore por parte da mesa de contratación.

- *Programa de prestación do servizo.*

O programa de prestación do servizo, sendo un apartado extenso dentro da oferta, o seu contido é bastante xenérico. Tal e como se solicita no prego, **non enumera** a maquinaria, útiles e ferramentas (incluso informáticas) que o adxudicatario adicará especificamente á execución dos traballos, sinalando características e adicación dos mesmos, agás os citados no subapartado de medios materiais (2 móbiles, material de oficina, equipación do persoal e horas de vehículos). Comparativamente con outras ofertas, tampouco aparece ningunha información respecto dos horarios de prestación do servizo (conserxería e limpeza).

EMPRESA SERVICIOS Y MATERIALES S.A

- *Proxección económica e orzamentaria*

A súa proxección económica e orzamentaria, aparentemente non presenta ningún tipo de erro a nivel de sumatorios dos diferentes conceptos de gasto. Segundo a información que aporta, está a considerar os convenios colectivos dado que expresamente o fai constar por escrito no documento que achega coa proxección económica e no que se explica individualmente cada un dos gastos. A maiores, é a única empresa que achega un cadro que recolle o custo do

servizo para os dous anos de contrato. Esta documentación figura como anexo 3 para a súa revisión por parte da mesa de contratación.

- *Programa de prestación do servizo*

Recolle a información necesaria e solicitada no prego. Figura, entre outra documentación, os protocolos de realización dos servizos, a distribución horaria segundo cada recinto deportivo tanto a nivel de conserxería como de limpeza, así como, a maquinaria, ferramenta e útiles que adicaran ao presente contrato.

UTE FERROVIAL, S.A.- FERROSER, S.A.

- *Proxección económica e orzamentaria*

A información que presenta é bastante sinxela sen que se aprecie ningún dato equivocado respecto das cantidades consideradas. A pesar da sencillez deste documento no que non aparecen conceptos de gasto tales como maquinaria, útiles, etc., en termos xerais, é suficiente para deducir que se aplicarán os convenios de aplicación, circunstancia que expresamente o recolle tamén dentro da súa oferta. Achégase como anexo 4 ao informe para a súa revisión por parte da mesa de contratación.

- *Programa de prestación do servizo*

O programa de prestación do servizo pódese considerar que se axusta ao requirido no prego aportando a información básica que se solicita, especificando horarios de apertura, definindo funcións e detallando cantidades de maquinaria, ferramenta e útiles a disposición do contrato.

Non obstante, no momento da revisión dos CDs que se achegan coa proposta, estes non conteñen a oferta económica da empresa. Supónse que é debido a que presentan dúas carpetas, figurando nos CDs ó contido da carpeta na que fisicamente se atopan. O prego establece, concretamente dentro do seu apartado 13.3., o seguinte:

“SOBRE Nº 2 Subtitulado: Proposición económica e oferta relativa aos criterios de adjudicación avaliados mediante cifras ou porcentaxes para a licitación, mediante procedemento aberto, da contratación de Servizo de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais CON/1/2013.

A documentación que se presente neste sobre deberá ser aportada, obrigatoriamente, en dous formatos: en formato papel con páxinas numeradas correlativamente e en soporte informático (2 unidades idénticas en CD non regrabable identificadas exteriormente co nome do licitador e a denominación SOBRE Nº 2, CON/1/2013, quedando excluídas da licitación aquelas empresas que non aporten toda a documentación en ámbolos dous tipos de soporte.

Tanto a documentación en soporte papel como a dos dous soportes informáticos terán exactamente o mesmo contido. Calquera variación ou discrepancia entre os distintos soportes invalidará automaticamente a oferta.”

EMPRESA LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO, S.A.

- *Proxección económica e orzamentaria*

A proxección económica que aporta non permite coñecer se ten previsto garantir o cumprimento dos convenios colectivos dado que non existe ningún dato, numérico ou de texto

dentro da súa oferta, que permita deducir ou concluir que estes vanse respectar, en termos xerais. A maiores na información que aporta respecto do persoal, non desglosa - nin de forma xenérica- o custo de persoal de conserxería e o de limpeza, recollendo como concepto principal o de "limpadoras". A súa documentación inclúese como anexo 5 ao informe para o seu estudo por parte da mesa de contratación.

- *Programa de prestación do servizo*

O programa de prestación do servizo que achega non ten moita relación coa información solicitada no prego. **Non recolle ningún tipo de dato específico da prestación do servizo de conserxería** (sendo o de maior carga horaria respecto do contrato), **orientándose exclusivamente** a definir procedimentos de limpeza, incluso de lugares e elementos que non existen nas instalacións obxecto de contrato (exemplo: laboratorios, alfombras e moquetas). Non determina a maquinaria, útiles e ferramentas que adicará especificamente á execución dos traballos. Unicamente existe un compromiso xenérico de proveer ao persoal de carros de limpeza, fregonas, mopas, etc., e poñer a disposición do servizo aspiradores de polvo, aspiradores polvo-auga, hidrolimpadoras, fregadoras, rotativas abrillantadoras e calquera outra maquinaria necesaria, aportando - comparativamente con outras ofertas- , unha información bastante insuficiente e pouco concreta. Respecto dos horarios unicamente manifesta que se realizarán conforme aos exisidos no prego.

En conclusión, o técnico que subscribe considera que algunha das ofertas das empresas anteriormente indicadas presentan na documentación requirida polo prego, carencias e/ou defectos, nalgúns casos significativos, que aconsella que de forma colexiada se avalien especificamente pola mesa de contratación, como proceso previo á realización do informe final de valoración.

Para finalizar, no que respecta aos criterios de adxudicación de carácter social, é preciso que se determine que documentación se considera a mínima necesaria para considerar que se "acredita" a información que se require. Esta dúbida resulta especialmente preocupante no que respecta ao terceiro dos criterios no que se solicita que "o licitador acredite ter na súa plantilla un número de traballadores con discapacidade en porcentaxe superior ao 2%, de acordo co seguinte desglose: 3%: 0'25 puntos; 4%: 0'50 puntos, ..."

As empresas están a presentar unha declaración do responsable/apoderado no que fai constar o número total de traballadores e a porcentaxe que as persoas con discapacidade representan sobre o mencionado total.

É canto teño que informar aos efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2013



Asdo: **Juan C. Garabato Rodríguez**
TÉCNICO EN PROGRAMACIÓN E XESTIÓN DEPORTIVA

CADRO COMPARATIVO DO PROGRAMA DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

EXPERTUS MULTISERVICIOS	COBRA SERVIZOS AUXILIARES	SERVICIOS Y MATERIALES	UTE FERROVIAL-FERROSER	GRUPO LACERA
<p>CONVENIOS Exprésase que subrogará a 17 consorxos, 5 limpadoras e 1 peón especializado segundo os <u>convenios colectivos de aplicación</u>.</p> <p>PROTOCOLOS CONSERXERÍA Reprodúcese basicamente os protocolos definidos no prego técnico.</p> <p>HORARIOS Presenta un cadro resumo por instalación no que se recolle o horario de apertura definido no prego técnico.</p> <p>FERRAMENTAS Figura unha foto da caixa de ferramentas que por prego debe suministrar a cada consorxería, recolléndose de forma explícita no cadro resumo final de utensilios e materiais.</p> <p>UNIFORMIDADE Fai constar que se dotará aos homes cun buzo de traballo e as mulleres cun pijama, que se renovarán segundo necesidade. Non enumera cantidades, nin diferencia consorxería de limpeza.</p>	<p>CONVENIOS Sen información</p> <p>PROTOCOLOS CONSERXERÍA Enumera as principais funcións do servizo de control e consorxería.</p> <p>HORARIOS Sen información</p> <p>FERRAMENTAS Sen información</p> <p>UNIFORMIDADE Fai constar que todo o persoal irá comedidamente uniformado. Segundo o servizo, detalla unha relación do equipamento indicando unidades e características.</p>	<p>CONVENIOS Na documentación <u>previa á provisión</u>, exprésase a figura documental que se aplica no cálculo de custos salariais o convenio colectivo de instalacións deportivas e ximnasios da comunidade autónoma galega.</p> <p>PROTOCOLOS CONSERXERÍA Reprodúcese integramente os protocolos definidos no prego técnico.</p> <p>HORARIOS Presenta un cadro resumo onde figura o horario de apertura de cada instalación, incluído os festivos, respectando basicamente o definido no prego.</p> <p>FERRAMENTAS Figura unha foto da caixa de ferramentas que por prego debe suministrar a cada consorxería, recolléndose de forma explícita no cadro de materiais (en total 5 unidades). Fai constar que dotará a cada consorxería cunha caixa de ferramentas básicas</p> <p>UNIFORMIDADE Fai constar que se facilitará aos traballadores dous uniformes ao ano, determinando cantidades das prendas e especificando cales son para o persoal feminino e cales para o masculino.</p>	<p>CONVENIOS Manifesta que para a elaboración da oferta tivo en conta os <u>convenios vigentes de limpeza de edificios e locais</u>, así como, o de instalacións deportivas e ximnasios de Galicia.</p> <p>PROTOCOLOS CONSERXERÍA Reprodúcese basicamente as <u>funcións</u> que se recollen no prego.</p> <p>HORARIOS Presenta un cadro resumo onde figura o horario de apertura de cada instalación, incluído os festivos, respectando basicamente o definido no prego.</p> <p>FERRAMENTAS Figura una foto de caixa de ferramentas que por prego debe suministrar a cada consorxería, recolléndose de forma explícita no cadro de maquinaria (en total 10 unidades).</p> <p>UNIFORMIDADE Defínese a uniformidade coa que dotará aos empregados, indicando cantidades.</p>	<p>CONVENIOS Sen información.</p> <p>PROTOCOLOS CONSERXERÍA Sen información.</p> <p>HORARIOS Unicamente se recolle unha <u>frase</u> na que se indica que os servizos de consorxería e limpeza realizaranse conforme os horarios establecidos no prego.</p> <p>FERRAMENTAS Sen información.</p> <p>UNIFORMIDADE Sen información</p>
<p>CONVENIOS Exprésase que subrogará a 17 consorxos, 5 limpadoras e 1 peón especializado segundo os <u>convenios colectivos de aplicación</u>.</p> <p>PROTOCOLOS LIMPEZA Reprodúcese basicamente as consideracións expostas ao respecto no prego técnico.</p> <p>HORARIOS Presenta un cadro resumo por instalación no que se recolle a carga horaria de limpeza definida no prego técnico.</p> <p>MAQUINARIA E ÚTILES Detalla nun cadro con fotos as cantidades de <u>maquinaria</u> que adscribirá especificamente ao contrato.</p> <p>Figura unha <u>extensa</u> relación de <u>útiles</u> coa foto correspondente e descripción das súas características. Tamén se incorpora o <u>materia</u> do <u>peón especializado</u>. Da mesma maneira describe os equipos de protección individual e colectivos.</p> <p>Aparece expresamente o compromiso de <u>subministro de traballo</u> <u>habitual</u>, tal e como se establece no prego.</p> <p>Para finalizar incorpora un <u>cadro resumo</u> <u>por</u> <u>explícito</u> <u>cos</u> <u>unidades</u> <u>mínimas</u> <u>de</u> <u>utensilios</u> <u>e</u> <u>materiais</u>, <u>personalizado</u> <u>por</u> <u>cada</u> <u>instalación</u>. Compromiso de reposición mensual.</p>	<p>CONVENIOS Sen información</p> <p>PROTOCOLOS LIMPEZA Enumera <u>simplicemente</u> os distintos tipos de limpeza, segundo os espazos das instalacións.</p> <p>HORARIOS Sen información</p> <p>MAQUINARIA E ÚTILES Figura <u>unha frase</u> dentro da oferta que dá forma <u>por</u> <u>verbal</u> <u>recolle</u> <u>o</u> <u>compromiso</u> <u>de</u> <u>empresa</u> <u>en</u> <u>aportar</u> <u>os</u> <u>produtos</u> <u>e</u> <u>útiles</u> <u>necesarios</u>.</p> <p>Sen información expresa da maquinaria de limpeza</p>	<p>CONVENIOS Manifesta que para a elaboración da oferta tivo en conta os <u>convenios vigentes de limpeza de edificios e locais</u>, así como, o de instalacións deportivas e ximnasios de Galicia.</p> <p>PROTOCOLOS LIMPEZA En termos xerais e de forma <u>moi</u> <u>resumida</u>, fai constar que realizaránse as <u>tarefas</u> <u>propias</u> <u>de</u> <u>limpeza</u>.</p> <p>HORARIOS Presenta un cadro resumo onde define o horario de limpeza de cada instalación, incluído os festivos, respectando a carga de horas definidas no prego. Tamén contempla o definido para o operario especializado.</p> <p>MAQUINARIA E ÚTILES Figura un cadro detallado con fotos e cantidades da <u>maquinaria</u> que se <u>atuará</u> <u>nos</u> <u>equipamentos</u>.</p> <p>Presenta un cadro con fotos dos <u>útiles</u> de limpeza, segundo necesidade, que se suministrarán nos centros.</p>	<p>CONVENIOS Desenvolve con extraordinario detalle os procedementos de limpeza a seguir segundo tipo de superficie e materiais. Incluso chega a describiros a <u>limpeza</u> <u>de</u> <u>espazos</u> <u>ou</u> <u>materiais</u> que non existen nas instalacións obxecto do contrato (laboratorios, moquetes, ...).</p> <p>HORARIOS Unicamente se recolle unha <u>frase</u> na que se indica que os servizos de consorxería e limpeza realizaranse conforme os horarios establecidos no prego.</p> <p>MAQUINARIA E ÚTILES Non <u>consegue</u> <u>caracterizar</u> respecto da maquinaria que destinará especificamente para este contrato. Unicamente establece que pondrá a disposición do servizo aspiradores de polvo, aspiradores polvo-auga, hidroimpulsoras, fregadoras, rotativas e calquera outra maquinaria necesaria</p> <p>Di que se proveerá ao persoal de centros de limpeza, fregonas, mopas, bayetas de microfibra, etc., e tamén de EPIs.</p>	<p>CONVENIOS Manifesta que para a elaboración da oferta tivo en conta os <u>convenios vigentes de limpeza de edificios e locais</u>, así como, o de instalacións deportivas e ximnasios de Galicia.</p> <p>PROTOCOLOS LIMPEZA En termos xerais e de forma <u>moi</u> <u>resumida</u>, fai constar que realizaránse as <u>tarefas</u> <u>propias</u> <u>de</u> <u>limpeza</u>.</p> <p>HORARIOS Presenta un cadro resumo onde define o horario de limpeza de cada instalación, incluído os festivos, respectando a carga de horas definidas no prego. Tamén contempla o definido para o operario especializado.</p> <p>MAQUINARIA E ÚTILES Figura un cadro con fotos, descripción técnica e cantidades da <u>maquinaria</u> que define como necesaria para a realización dos servizos. Fai constar que pondrá a disposición do contrato calquera outra que puidera necesitarse para cubrir determinadas necesidades.</p> <p>Aporta outro cadro no que se cuantifica outro tipo de materiais para o servizo (cubolanas, kit profesional cristalero, sinais de prevención de caídas, un aparado xenérico para escobas, mopas, ..., a subministrará segundo necesidade)</p> <p>Figura unha <u>extensa</u> relación <u>xenérica</u> <u>de</u> <u>útiles</u> <u>e</u> <u>materiais</u> <u>de</u> <u>reposición</u> <u>cos</u> <u>que</u> <u>se</u> <u>subministrará</u> <u>aos</u> <u>centros</u>, <u>incluído</u> <u>o</u> <u>pego</u> <u>habitual</u>, tal e como se establece no prego.</p>
<p align="center">SERVIZO DE CONSERXERÍA</p>	<p align="center">SERVIZO DE LIMPEZA</p>			

CADRO COMPARATIVO DO PROGRAMA DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

<p>Figura unha presentación corporativa coa indicación de algúns exemplos de concesións nas que está presente.</p> <p>Enumera as instalacións obxecto do contrato.</p> <p>Fai constar que o concesionario realizará funcións complementarias co auxilio de limpeza, sempre respectando a cantidade total de horas que figura no prego.</p> <p>No apartado de maquinaria, ofrece ao Concello 4 aparatos con sistema de desodorización mediante dispensadores de ozono para os vestiarios con problemas de humidade.</p> <p>Dotación de vehículos para o/a supervisor/a e o/a peón especialista, adaptados á lixeira do Concello.</p> <p>Propón como sistema de control do persoal un sistema tecnolóxico de control de presenza, denominado sistema vigilant. Así como, o sistema reporting on-line Neptune, aplicación informática propia de Expertus, cuxo obxectivo é que se poida consultar en todo momento as circunstancias do servizo, así como, o estado das instalacións.</p>	<p>Enumera as instalacións obxecto do contrato.</p> <p>Figura un organigrama xeral de recursos humanos da empresa. Manifesta que existirá a figura de Responsábel do servizo.</p> <p>Fai constar que a empresa procederá a subrogación do persoal recollido na presente licitación.</p> <p>Establece diversos caixos a modo de cronograma das tarefas, as asignacións e período de xuntanzas dos responsábeis do servizo.</p> <p>Figura un epígrafe de xestión de incidencias e sistema automático de substitución. Describe que procedementos seguirá ao respecto.</p> <p>Figura outro epígrafe de normativa e rexime interior, establecendo unha catalogación das faltas cometidas polos traballadores.</p> <p>Existe outro apartado de confidencialidade e protección de datos. Manifesta o cumprimento expreso desta normativa e do segredo profesional sobre as informacións e documentos que se xeneren.</p> <p>Existe outro epígrafe sobre o plan de prevención de riscos laborais.</p> <p>No apartado de "medios materiais" manifesta que dotará ao servizo de 2 mobles para o responsábel e o encargado, de material de oficina.</p> <p>Figura un último apartado denominado "Documentos do servizo", onde define os partes de traballo, os partes de incidencia, o libro de reclamacións e as enquisas de satisfacción que se compromete a desenvolver.</p>	<p>Figura un cuadro resumo cos medios humanos que destinará ao servizo con detalle de horariedade, meses de apertura e hora totais, incluído o peón especialista, cumprindo o total de horas especificadas no prego.</p> <p>Apece un cuadro onde se recolle 8 unidades de teléfonos móbiles que entenderíanse estarían a disposición do contrato.</p> <p>Designará un Delegado e un Xefe de servizo que serán os responsábeis da xestión do contrato.</p> <p>Finalmente recolle un apartado sobre o desenvolvemento dun Plan de Formación a outro para o Plan de Prevención de riscos laborais.</p>	<p>Relación de instalacións obxecto do contrato.</p> <p>Manifesta coñecer as especificacións e requirimentos dos prego de condicións particulares.</p> <p>Figura un apartado bastante extenso sobre cuestións de persoal. Dentro deste apartado manifesta que se subrogará en todos os débitos e obrigacións dos que sea aceptor o persoal que actualmente ven prestando o servizo de conservación á limpeza.</p> <p>Designará para a xestión e control do contrato un Xefe Técnico. O persoal responsable da xestión do servizo e da administración ascenderá 8 horas de xestión semanais e 12 de administración.</p> <p>Figura un cuadro resumo do total da plantilla do persoal ofertado.</p> <p>Figura un cuadro de diversa maquinaria e útiles de limpeza que a empresa ten a disposición no seu almacén na cidade de Santiago (vehículo, rotativas, aspiradoras, ...)</p>	<p>Designará un Xefe do Servizo como interlocutor entre o grupo de limpeza, empresa e centro comercial.</p> <p>Dentro do epígrafe superficies acristaladas, establece que o Grupo Lacera elaborará un plan específico de seguridade e avaliación de riscos laborais.</p>
<p align="center">OUTRA INFORMACIÓN XENÉRICA</p>				